



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE DECEMBRO DE 2.007

Na Casa de Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e dez minutos do día vinteoito de decembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE DATA DE 31 DE AGOSTO DE 2007.

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 26 de outubro de 2007, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación do citado acta. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2- PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, DE APERTURA E DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN.

Dase conta da proposta da Alcaldía de Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas, de actividade, de apertura e de primeira utilización, do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE LICENZAS URBANÍSTICAS DE ACTIVIDADE, DE APERTURA E DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN

Artigo 1. Fundamento legal. Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4 h) e i) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola actividade de expedición de licenzas urbanísticas de actividade, apertura e primeira utilización, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Feito impositivo.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos necesarios para o otorgamento das licenzas de actividade ou de avalización da incidencia ambiental, de primeira utilización e de apertura, coa finalidade de verificar se os actos de uso do solo se axusta á licenza de obra concedida.

Aos efectos de esta ordenanza fiscal, entenderase como licenza de apertura, ao acto administrativo municipal no que se declara que os actos de transformación ou uso do solo consumados se axustan á licenza de obra ou actividade concedida, calquera que sexa o procedemento seguido para o seu outorgamento.

Artigo 3. Devengo da taxa

A Obrigación de contribuir nace coa solicitude da licenza ou dende a data en que debeu de solicitarse no suposto de que fose preceptiva.

Artigo 4. Obrigados tributarios.

-Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliten a expedición da licenza de apertura ou primeira ocupación. No suposto de que a edificación ou intalación sobor o que recae o acto de intervención administrativa estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terá a condición de contribuínte a Xunta de propietarios.

-Serán substitutos do contribuínte os constructores ou contratistas das obras ou actividades.

-No suposto de que a edificación ou intalación sobor o que recae o acto de intervención administrativa estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terán a condición de responsables tributarios solidarios os propietarios dos elementos privativos do inmovible, que responderán da débeda tributaria en proporción á súa cuota de participación nos elementos comúns.

Artigo 5.- Base imponible.

Tomarase como base imponible da taxa o custo real ou previsible da actividade de verificación e expedición da licenza solicitada.

Artigo 6.- Cuota tributaria.

6.1- A cota tributaria determinarase por aplicación dos seguintes módulos de superficie:

- Edificacións e instalacións de ata 500 m²: 150 euros.
- Edificacións e instalacións de ata 1000 m²: 200 euros.
- Edificacións e instalacións de ata 2000 m²: 250 euros.
- Edificacións e instalacións de máis de 2000 m²: 300 euros de cuota fixa, que se incrementará a razón de 100 euros por cada 1000m² ou fracción a partires dos 2000m².
- Explotacións agrarias extensivas: cuota fixa de 150 euros.

6.2- Bonificacións.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a supresión de barreiras arquitectónicas para persoas con mobilidade reducida en un porcentaxe igual ou superior ao 50%, disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a rehabilitación de edificacións tradicionais ou catalogadas disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos e edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a adaptación das construcións ou instalacións preexistentes ao ambiente disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

Os actos de edificación ou uso do solo que teñan por obxeto a modificación das condicións de prestación de actividades co obxeto de diminuír o seu impacto ambiental, disfrutarán dunha bonificación do 50% sobor a cuota tributaria.

No suposto de que as actuacións bonificadas unicamente representen unha porcentaxe do orzamento do proxecto autorizado, a bonificación aplicarase sobor a contía resultante de aplicar sobor a cuota tributaria, a porcentaxe que representan as actuacións bonificadas sobor o proxecto autorizado.

Artigo 7.- Xestión tributaria.

O Concello de Outeiro de Rei xirará a oportuna liquidación tributaria de oficio, unha vez presentada a solicitude de licenza no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei.

Os interesados na obtención da licenza presentarán instancia no Rexistro Xeral do Concello, acompañada de certificación do técnico competente de ultimación de obra, e no seu caso da urbanización, así como xustificante de haber solicitado alta no imposto de bens inmobles de natureza urbana ou certificación de técnico competente comprensiva das condicións mínimas de habilitabilidade que deberán reunir as vivendas de acordo coa normativa vixente.

A executividade das licenzas de primeira utilización e de apertura están condicionadas ao pago da correspondente cuota tributaria.

Disposición derogatoria:

A presente ordenanza deroga as seguintes ordenanzas:

Ordenanza fiscal por expedición de licenza de primeira utilización.

Ordenanza fiscal por expedición de licenza de apertura.

Disposición Final:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e continuará en vigor ata que o Concello Pleno acorde a súa modificación ou derogación.

En Outeiro de Rei, a 17 de decembro de 2007.

O Alcalde

Asdo.: José Pardo Lombao”

Iníciase o debate mediante a intervención do sr. Pardo Lombao, que recorda que a antiga ordenanza se baseaba nas cuotas do IAE (xa derogado para a meirande parte das actividades). Na presente proposta de ordenanza, fíxase a cuota tributaria en función de tramos de superficie das edificacións. No suposto de licenzas de primeira ocupación, que veñen referidas a edificacións residenciais, en tanto moi difícilmente sobrepasarán o tramo de 500 metros edificadas, na súa práctica totalidade estarán suxeitas a unha cuota de 150 euros.

O sr. Miguel Angel López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, asegura que sería mellor establecer unha ordenanza para cada tipo de licenza, xa que unha cousa é unha vivenda e outra unha industria.

A proposta de ordenanza é regresiva, xa que a antiga ordenanza fixaba unha cuota igual ao 0,10% do orzamento de construción, polo que no suposto de vivendas, a partires de 391 m² a nova taxa implicará unha rebaixa na tribuación.

Propoñería que a tributación das explotacións agropecuarias extensivas se fixase por unidade de gando maior, xa que, coa actual proposta, se favorece a quen ten máis cabezas de gando. Varios concellos, coma o de Sarria, fixaron as cuotas referidas as unidades de gando.

Respóstalle o sr. Alcalde que a razón de ser das taxas, a diferenza dos impostos, é a de repercutir o custe do servizo aos beneficiarios. Deste xeito, as cuotas das taxas deben fixarse á vista do custe do servizo. Para os servizos administrativos, dá o mesmo traballo inspeccionar unha nave de 100 que unha de 300 metros cadrados, ou unha explotación de 100 ou de 200 cabezas de gando.

A consideración da capacidade económica do contribuínte establécese a través da fixación de módulos de superficie, de 500 en 500 metros cadrados. Non obstante, as explotacións gandeiras tributarán sempre pola cantidade inferior: 150 euros, con independencia da súa superficie. Esta cantidade é ridícula en comparación cos costes reais de prestación do servizo.

Hai que ter en conta que o outorgamento da licenza, a maiores de traballo administrativo esixe, en moitas ocasións, máis dunha visita de comprobación.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Asemade, non se pode esquecer que, cando unha taxa por prestación dun servizo a un particular non cubre o custe do servizo, son os restantes veciños quen están pagando este servizo por vía dos impostos.

O informe económico-financieiro por de manifesto que a recadación previsible é inferior ao custe do servizo. Oxalá os servizos fosen máis baratos, para poder reducir as taxas.

Por último, asegura que 150 euros é unha cantidade mínima en relación aos custes derivados do traballo que se realiza. Esta cantidade non chega para sufragar o 50% do custe do servizo, polo que se pode dicir que o outro 50% o subvenciona o concello.

Volta a intevir o voceiro do PSdG-PSOE, que dí que non dá o mesmo traballo o outorgamento dunha licenza de actividade que unha licenza de primeira utilización, polo que pagar a mesma cuota tributaria non é susto.

Asegura que é máis lóxico tributar en función das unidades de gando maior ou en porcentaxe do prezo de execución.

O sr. Pardo Lombao dí que o voceiro do PSdG parece dicir que se cobra a licenza de apertura barata e a de 1º utilización cara.

A realidade é que se pagan as dúas licenzas baratas, porque tense que apoiar o desenrolo económico do Concello de Outeiro de Rei.

De feito, non só son baratas estas licenzas, tamén a tributación da edificación, xa que o ICIO é o 50% do fixado polo municipio de Lugo.

En calquer caso, insiste que a cuota de 150 euros non cubre o custe do servizo.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar provisoriamente a proposta de ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas, de actividade, de apertura e de primeira utilización, transcrita anteriormente”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipales do PP e do BNG e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PSdG-PSOE.

3- PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO A FAVOR DE EMPRESAS OU ENTIDADES QUE UTILIZAN O DOMINIO



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

PÚBLICO PARA EXPLOTAR SERVIZOS DE SUMINISTROS QUE RESULTEN DE INTERESE XERAL OU AFECTEN Á XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DO VECINDARIO.

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMIENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO A FAVOR DE EMPRESAS OU ENTIDADES QUE UTILIZAN O DOMINIO PUBLICO PARA EXPLOTAR SERVICIOS DE SUMINISTROS QUE RESULTEN DE INTERESE XERAL OU AFECTEN A XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DO VECINDARIO

Artigo 1. Fundamento e natureza

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 24.c do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa de aproveitamentos especiais do dominio público a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para explotar servizos de suministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa o disfrute dos aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vuelo do demanio municipal, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para explotar servizos de suministros que resultan de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, nos termos fixados no artigo 24.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos de esta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local que constitúe o feito imponible.

Artigo 4. Cuota tributaria

A contía da taxa se determina aplicando o 1,5% á base imponible definida no artigo 24.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 5. Devengo de la tasa e período impositivo

O devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano.

No suposto de que o inicio das actividades de explotación se inicien con posterioridade ao día 1 de xaneiro, o devengo da taxa para ese exercizo tributario se producirá o día do inicio da actividade de explotación.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O período impositivo abrangerá o ano natural.

Artigo 6. Xestión da taxa

As empresas explotadoras de servizos de suministros que resulten de interés xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, deberán presentar, dentro dos quince primeiros días de cada trimestre natural, declaración comprensiva dos ingresos brutos procedentes da facturación que obtiveran no trimestre inmediatamente anterior.

En base a esta declaración tributaria, o Concello de Outeiro de Rei xirará a oportuna liquidación, que recaerá sobor a base impositiva manifestada no período ao que se refire a declaración.

No suposto de que o suxeito pasivo incumpla a súa obriga de presentación trimestral da declaración, o Concello de Outeiro de Rei poderá considerar como base impositiva do período correspondente a meirante de entre as contías seguintes: a correspondente ao trimestre inmediatamente anterior do que exista declaración tributaria, ou ao trimestre correspondente do exercizo anterior que conste de dita declaración.

As liquidacións xiradas en base a este método de estimación obxectiva terán a natureza de liquidación provisional, á espera da liquidación definitiva que se xirará previo acto comprobación de valores ou previa presentación da correspondente declaración.

Os contribuintes que o soliciten poderán atinxirse ao sistema de autoliquidación.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza fiscal rexirá dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial de la Provincia e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Outeiro de Rei, a 17 de decembro de 2007.

O Alcalde.

Asdo.: José Pardo Lombao”

A continuación, o sr. Pardo Lombao explica que os elementos tributarios da presente taxa veñen impostos pola Lei de Facendas Locais, polo que o Concello de Outeiro de Rei carece de marxen de discrecionalidad na regulación da mesma.

A continuación sométese a votación a aprobación provisoria da ordenanza transcrita.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

4- PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ELABORACIÓN OU REPRODUCCIÓN DE DOCUMENTOS A INSTANCIA DE PARTE.

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución:

“Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4.a do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola elaboración ou reprodución de documentos a instancias de parte.

PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ELABORACIÓN OU REPRODUCCIÓN DE DOCUMENTOS A INSTANCIA DE PARTE

Artigo 1º- Feito Imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade de elaboración, reprodución e envío, a instancia de parte, de documentos administrativos polo Concello de Outeiro de Rei, calquera que sexa o seu soporte ou formato, cando a solicitude de dicha actividade non sexa voluntaria ou no se preste ou realice polo sector privado.

Non estarán suxeitos á taxa o exame in situ da documentación municipal e o acceso a cualquier lista ou rexistro creado e mantido en cumprimento da lexislación ambiental.

Asemade, non constitúe o feito imponible da taxa, a elaboración ou reprodución dos documentos administrativos que sexan necesarios para a tramitación dun expediente polo Concello de Outeiro de Rei no exercizo das súas competencias.

Artigo 2º- Base imponible

Constitúe a base imponible da taxa, o custe estimado da actividade solicitada, integrado polos gastos derivados da adicación do persoal a súa elaboración e do material necesario para a súa elaboración, reprodución e envío, tal e como se valorou no informe técnico-económico que obra no expediente de aprobación da citada ordenanza fiscal.

Artigo 3º- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, quen soliciten a actividade de elaboración, reprodución ou envío do documento.

Artigo 4º- Exencións

Está exento do imposto:

- A elaboración, reprodución e envío de documentos aos membros da corporación, sempre que a solicitude se basee no exercizo das súas funcións públicas representativas.

- A elaboración, reprodución e envío de documentos solicitados por outras administracións públicas, para o exercizo de unha función ou competencia legalmente atribuída, salvo a administración corporativa.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- A expedición de documentos cuxa aportación no seo dun procedemento administrativo tramitado perante outra administración pública, veña imposta por unha norma legal ou regulamentaria, sempre que se adxunte, coa solicitude, copia ou referencia da citada norma. Non se aplicará á presente exección á emisión de documentos comprensivos de información urbanística.

- As entregas de copias de documentos que conteñan información ambiental, de menos de 20 páxinas de formato DIN A4, así como o envío de esta información por vía telemática, todo elo nos termos previstos na Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Artigo 5º- Cuota tributaria

As cuotas tributarias son as seguintes:

- Expedición de copias ou certificados de actos, contratos ou acordos municipais: 3 euros.

- Expedición de copias ou certificados de asentos obrantes nos rexistros ou padróns municipais: 3 euros.

- Elaboración de informes, cédulas ou certificados de natureza urbanística (incluso os previstos na lexislación de prevención e control integrados da contaminación): 50 euros.

- Expedición de copias completas de plans, proxectos ou programas que obren en poder do Concello de Outeiro de Rei: 10 euros como cuota fixa, que se incrementará a razón de 0,30 euros por cada folio DIN A4 e DIN A 3 que o integre.

- Expedición de copias parciais de plans proxectos ou programas que obren en poder do Concello de Outeiro de Rei: 3 euros como cuota fixa, que se incrementará a razón de 0,30 euros por cada folio DIN A4 que o integre. A tal efecto, se considerará que a copia é parcial, cando abrange menos do 90% das páxinas ou unidades de soporte documental do plan, proxecto ou programa. En caso contrario, se considerará copia completa.

- Expedición de copias de planos en formato DIN A 1 ou formato de superior tamaño: 5 euros por plano.

- Compulsa ou cotexo de documentos: 0.50 euros por páxina compulsada ou cotexada.

- Tramitación de estudos de detaxe ou documentos de análoga natureza: 300 euros.

- Tramitación de documentos de planeamento ou xestión urbanística: 3000 euros, que se incrementará en 500 euros cando dito documento prevea o seu desenvolvemento en



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

dous ou máis polígonos e en 500 euros cando prevea dous ou máis usos no seu ámbito territorial de aplicación.

- Elaboración de documentos de determinación de criterios de ordenación e xestión urbanística sobor ámbitos territoriais de superficie igual ou inferior a 30.000 metros cadrados: 1000 euros. Esta cuota tributaria se incrementará a razón de 500 euros por cada 30.000 metros cadrados ou fracción.

- Elaboración ou reprodución de documentos administrativos non previstos nos apartados anteriores: 3 euros.

Artigo 6º - Xestión da taxa

A taxa débégase no momento de presentación da solicitude da actividade suxeita a tributación, que non se iniciará ou tramitará sen que se efectúe o pago correspondente.

A acreditación do pago da taxa se efecturá, cando a reprodución do documento se faga en soporte papel, mediante a estampación de efectos timbrados nos documentos sobor os que recae a actividade. No suposto de que sexan varias as unidades de soporte documental, estamparase na primeira delas.

Nos restantes casos, extenderase documento de liquidación e recibo do pago ao interesado, ou estamparase o efecto timbrado sobor a solicitude presentada no rexistro do Concello de Outeiro de Rei.

Disposición final – Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Disposición derogatoria

Queda derogada a ordenanza fiscal do Concello de Outeiro de Rei reguladora da taxa por expedición de documentos.

En Outeiro de Rei, a 17 de decembro de 2007.

O Alcalde
Asdo.: José Pardo Lombao”

Fai uso da palabra o sr. Alcalde, que informa que son tres os supostos de nova imposición recollidos na presente ordenanza: tramitación de estudos de detaxe, de plans de ordenación urbanística, e a elaboración de documentos de determinación de criterios de ordenación e xestión urbanística.

Estos documentos implican unha carga de traballo moi importante, porque requiren un estudo moi profundo das propostas, tanto polos servizos técnicos coma dos urbanísticos. A día de hoxe non existía taxa, pese que se requería preto de un mes do traballo dun técnico para podelos estudar debidamente.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Intervén o sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, que destaca que a emisión de cédulas urbanísticas sube de 3 a 50 euros.

Respóstalle o sr Alcalde que a emisión de cédulas urbanísticas esixe moito traballo, xa que nas cédulas certifícase o que se pode facer nunha parcela determinada, e este certificado despois vincula ao concello. Asegura que, na meirande parte dos casos, a cantidade proposta é insuficiente para cubrir os custes do servizo.

Informa que as cuotas das taxas fixéronse tendo en conta as opinións dos servizos afectados, coa finalidade de evaluar a carga de traballo de cada actividade grabada.

Asegura o sr. Miguel Ángel, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que as copias dos planos DIN A1 van moi caras.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que a razón é que tense que desprazar un traballador a Lugo para facer a copia, xa que no Concello de Outeiro de Rei non existen medios técnicos.

Opina o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE que lle parece caro que alguén que quera facer un curso do INEM teña que pagar 3 euros para obter o certificado de empadronamento.

O sr. Secretario informa que este suposto se atopa exento de tributación ao amparo do artigo 4º da proposta.

Opina o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE que lle parece cara a taxa de 0,30 euros por fotocopia.

Asegura o sr. Pardo Lombao que o Concello de Outeiro de Rei non é unha reprografía, xa que o concello ten que estar para outra cousa. A razón de grabar a realización de fotocopias é a de evitar comportamentos abusivos.

No suposto dos planos, insiste que se o plano pode facerse no plotter, non é un problema, o problema é que se non se pode facer no concello, hai que ir a Lugo a facelo, polo que deben sumarse os custes do desprazamento, e 5 euros segue sendo moi barato.

A incidencia desta tributación sobor a recadación municipal é moi baixa, onde unicamente poden recadarse cuotas relevantes é na tramitación dos plans urbanísticos, e neste caso o suxeito grabado é sempre o promotor urbanístico.

En calque caso, recorda aos srs concelleiros que o que se trae ao Pleno son propostas, e que se os diferentes grupos se poñen dacordo, pódense modificar contías. A repercusión destas modificacións sobor a economía municipal non é significativa.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Recorda o concelleiro don Serafín Vázquez Arias que a razón de ser desta ordenanza é evitar un uso abusivo dos servizos públicos administrativos.

Insiste o sr. Miguel Ángel López Varela, que as fotocopias veñen costando sete céntimos, e non trinta, como propón esta ordenanza.

Respóstalle o sr. Pardo que noutras administracións non che fan a fotocopia nin pagando, e que o persoal do concello está para outros cometidos.

Propón o sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, modificar o apartado 2º do artigo 5º, de xeito que en vez de decir :” Expedición de copias ou certificados de asentos obrantes nos rexistros ou padróns municipais: 3 euros.”, diga “Expedición de copias ou certificados de asentos obrantes nos rexistros ou padróns municipais: 2 euros.”, e reducir, deste xeito, a cuota pola emisión de estos certificados de 3 a 2 euros.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE propondría cobralos a 1,20 euros.

Aduce o sr. Pardo Lombao que 1,20 é unha cantidade que complica a xestión pola presenza de decimais. É mellor 1,5 ou 2 euros.

Propón aceptar a enmenda presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG.

Sométese a votación a aprobación provisoria da proposta de ordenanza fiscal transcrita anteriormente, se ven no apartado 2º do artigo 5º, en vez de decir :” Expedición de copias ou certificados de asentos obrantes nos rexistros ou padróns municipais: 3 euros.”, diga “Expedición de copias ou certificados de asentos obrantes nos rexistros ou padróns municipais: 2 euros.”.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

5- PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

De conformidade có establecido no Artigo 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á modificación da Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno do Concello en data 29-09-89, que quedará redactada nos seguintes termos:

Artigo 1º.- Cuota tributaria.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

De conformidade có Artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello establece as seguintes tarifas:

Turismos :

De menos de 8 HP	13 Euros
De 8 a 11,99 HP	35 “
De 12 a 15,99 HP	72 “
De 16 a 19,99 HP	90 “
De 20 HP en diante	115 “

Autobuses:

De menos de 21 praza	90 Euros
De 21 a 50 prazas	120 “
De máis de 50 prazas	150 “

Camións:

De menos de 1.000 Kg. de carga útil.....	43 Euros
De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil.....	85 “
De máis de 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil.....	120 “
De máis de 9.999 Kg. de carga útil	150 “

Tractores, palas retroexcavadoras e demais vehículos industriais:

De menos de 16 HP	18 Euros
De 16 a 25 HP	28 “
De máis de 25 HP	85 “

Remolques e Semirremolques:

De 750 Kg. a 1.000 Kg. de carga útil	18 Euros
De 1.000 Kg. a 1.999 Kg. de carga útil	28 “
De máis de 1.999 Kg. de carga útil	85 “

Outros Vehículos:

Ciclomotores e cuatriciclos	6 Euros
Motocicletas ata 125 cm ³	6 “
Motocicletas de máis de 125 cm ³ ata 250 cm ³	8 “
Motocicletas de máis de 250 cm ³ ata 500 cm ³	16 “
Motocicletas de máis de 500 cm ³ a 1.000 cm ³ ...	32 “
Motocicletas de máis de 1000 cm ³	62 “

Artigo 2º. Exencións tributarias.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

As exencións tributarias serán as expresamente previstas no artigo 93 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

As exencións aplicaranse previa solicitude indicando as características do vehículo, matrícula e documento acreditativo da súa titularidade.

A solicitude se acompañará da documentación que acredite os supostos de feito necesarios para a declaración da exención.

Para a aplicación da exención prevista no artigo 93.1.e), o interesado deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado de minusvalía emitido polo órgano competente ou documento ao que o ordeamento xurídico outorgue efectos equivalentes.
- No suposto de vehículos adaptados para a súa condución por minusválidos: certificado expedido pola autoridade competente no que se acredite a súa adaptación.
- No suposto de vehículos non adaptados para a súa condución por minusválidos: copia da póliza de responsabilidade civil do vehículo, no que figure o interesado como único conductor do vehículo.

No suposto de vehículos non adaptados para a súa condución por minusválidos, o interesado deberá aportar, cada dous anos, copia da póliza de responsabilidade civil do vehículo no que figure o interesado como único conductor do vehículo. En caso contrario, a administración poderá revocala aplicación da exención, previa audiencia do interesado.

Artigo 3º.- Bonificacións tributarias.

Establécese unha bonificación do 100 por 100 da cota do Imposto, incrementada ou non, para os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se ésta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, senon, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Estabrécese unha bonificación do 75% na cota do imposto de vehículos de tracción mecánica, durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, os contribuíntes que adquiren un vehículo eléctrico, de biodiésel ou movido por hidróxeno, así coma os que adquiren un vehículo novo con catalizador homologado en substitución doutro que non dispuxera del, sempre que acrediten que o substituído vehículo será destinado a desguace.

Deberá presentarse, a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías anteriormente descritas.

Artigo 4º.- Obrigas formais dos suxeitos pasivos.

No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando éstos se reformen de xeito que se altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, os suxeitos pasivos formularán no prazo de trinta días, que empezarán a contar dende a data de adquisición ou reforma, unha declaración-liquidación no Concello.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A Tesourería Municipal facilitará impresos regulamentarios para formula-la autoliquidación . Tal autoliquidación terá a consideración de provisional en tanto que as Oficinas xestoras non efectúen as comprobacións sobre a correcta aplicación das normas do Imposto.

Artigo 5º.- Liquidación e pago.

O imposto xestiónase a partires do Padrón anual do imposto de vehículos de tracción mecánica, formado polos servicios administrativos municipais mediante a agregación dos datos aportados polos suxeitos pasivos e a Dirección Xeral de Tráfico.

O Padrón terá carácter de documento público e estará a disposición das persoas interesadas para a súa consulta nas dependencias municipais.

O Padrón anual, unha vez aprobado polo órgano municipal competente, se exporá ao público polo prazo de quince días hábiles a contares a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo, os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas en relación á xestión tributaria do imposto.

O anuncio de exposición participa da natureza de liquidación tributaria provisional colectiva, polo que reunirá tódolos extremos informativos requeridos pola lexislación tributaria para as liquidacións de esta natureza.

Unha vez rematado o prazo de exposición pública, a liquidación provisional trocarase en liquidación definitiva.

Aos efectos do disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a presentación da declaración-liquidación á que se refire o artigo 4º da presente ordenanza, terá a natureza de notificación de alta no Padrón correspondente ao seguinte exercizo tributario.

Non obstante o disposto neste artigo, xestionaránse ao marxe do Padrón, as liquidacións tributarias derivadas de modificacións do feito imponible do imposto xurdidas con posterioridade á aprobación do Padrón anual.

Estas modificacións do feito imponible do imposto xurdidas con posterioridade á aprobación do Padrón anual reflectiránse na confección do Padrón do exercizo tributario seguinte.

Únicamente surtirá efectos liberatorios o pago efectuado nos termos fixados na notificación ou publicación da correspondente liquidación individual ou colectiva.

A xestión do imposto poderá ser delegada polo Concello de Outeiro de Rei na Deputación Provincial de Lugo. Neste suposto, a xestión tributaria se rexirá polo disposto nas ordenanzas fiscais da Deputación Provincial.

DISPOSICIÓN FINAL



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Outeiro de Rei, a 17 de decembro de 2007.

O Alcalde
Asdo.: José Pardo Lombao”

Explica a proposta o sr. Pardo Lombao asegurando que non se aprica as cuotas vixentes o IPC nin nada que se parezca. O que se fai é redondear as cuotas para que se expresen en números enteiros, sen decimais, e axilizar deste xeito a xestión do imposto, así como establecer unha serie de bonificacións de carácter ambiental.

As bonificacións propostas prenden:

- Dunha parte, rebaixar o imposto de vehículos de trancción mecánica, na liña seguida polo partido popular de rebaixas fiscais.
- Doutra parte: contribuir a protexer ao medio ambiente, fomentando a utilización de vehículos menos contaminantes.

Hai que ter en conta que o IPC dende o ano 2004 é de máis do 10%, polo que en termos de capacidade adquisitiva, se está a propoñer unha rebaixa do 7-8% do imposto.

E isto compaxinando a proposta de rebaixa da presión fiscal e o mantemento das prestacións dos servizos municipais. Non se pode esquecer que estamos a rebaixar os impostos mentres que os custes de prestación dos servizos non paran de medrar.

Intervén o sr. Miguel Ángel López Varela, que opina que sería máis lóxico o aplicar unha porcentaxe, xa que o redondeo implica unha suba proporcionalmente máis alta aos vehículos de menor caballaje que aos outros.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que estas porcentaxes son moi inferiores ao 10% do IPC, e que, por poñer un exemplo, aos vehículos de menos de 8cv, a suba é de 0,08 euros, e os de 8 a 12 cv é de 0,32 euros.

Informa que comprícase a xestión con máis dígitos e que, ao tratarse dun redondeo, existen diferencias de subas entre os diferentes tramos, pero en calquer caso, as subas son moi inferiores ao IPC.

Respóstalle o voceiro do PSdG-PSOE, que as diferencias se basean nun problema de concepto, xa que están a falar de cousas diferentes.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Conclúe o sr Pardo Lombao que, ou se fai o redondeo coa finalidade de axilizar a xestión, ou será mellor non tocar as ordenanzas, xa que a incidencia na recadación municipal é mínima.

Concluído o debate, sométese a votación a aprobación provisional da proposta de ordenanza fiscal transcrita no presente apartado da orde do día.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do Grupo municipal do PSdG-PSOE.

6- PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Artigo 1. Imposición e Ordenación.

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4.t do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación efectiva do servizo de abastecemento de auga potable, integrado tanto polas actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, como do tratamento e posterior distribución e suministro de auga potable.

A tal efecto, entenderase por actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, o conxunto de actuacións materiais e administrativas necesarias para dotar de suministro á parcela sobor o que se ubica a edificación receptora do servizo, tales como tramitación do expediente de concesión do servizo, obtención de autorización e e permisos de outras administracións públicas, tendido das liñas dende a rede xeral ata o límite de parcela, colocación de contadores... etc.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No suposto de edificios suxeitos ao réxime de propiedade horizontal no que existisen varios usuarios, as actuacións de dotación do servizo a cada elemento privativo do inmovible constituirán feitos imponibles diferentes que darán lugar ao devengo dunha cuota tributaria de enganche de lineas para cada elemento privativo.

Entenderase suministro de auga potable as actuacións previstas no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade do auga de consumo humano, con excepción das actuacións de enganche de lineas e colocación de contadores.

Artigo 3. Devengo da taxa

A Obrigación de contribuir nace:

Respecto da cuota tributaria derivada do enganche de lineas; no momento da presentación da solicitude do servizo no rexistro xeral do Concello de Outeiro de Rei.

Respecto da cuota tributaria derivada do suministro regular de auga potable, o derradeiro día de cada bimestre natural.

Artigo 4. Obrigados tributarios.

-Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cuota de enganche, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliten o enganche de lineas e colocación de contadores.

- Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cuota de suministro, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen os edificios ou instalacións preceptoras do servizo.

-Serán substitutos do contribuinte os propietarios dos inmovibles sobor os que recaen as actuacións de prestación do servizo. A estes efectos, nos inmovibles suxeitos a réxime de propiedade horizontal, serán substitutos do contribuinte das cuotas devengadas polos enganches a lineas e colocación de contadores ubicados nos elementos comúns do inmovible, a Xunta de Propietarios, e serán substitutos do contribuinte das cuotas devengadas polos enganches e colocación de contadores ubicados nos elementos privativos do inmovible, os titulares dominicais dos mesmos.

-No suposto de que a edificación ou intalación receptora do servizo estivera suxeito a algún réxime de propiedade horizontal, terán a condición de responsables tributarios solidarios das cuotas devengadas polos enganches a lineas e colocación de contadores ubicados nos elementos comúns do inmovible os propietarios dos elementos privativos do inmovible, que responderán da débeda tributaria en proporción á súa cuota de participación nos elementos comúns.

Artigo 5. Base imponible.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A base imponible da taxa a constitúen a totalidade dos custes previsibles da prestación do servizo de abastecemento de auga potable, integrados tanto polas actuacións de enganche de líneas e colocación de contadores, como do tratamento e posterior distribución de auga potable.

Para a aplicación das cuotas tributarias variables en función do consumo efectivo de auga potable, estarase as seguintes regras:

Entenderase como consumo efectivo o rexistrado no contador.

No suposto de que o servizo municipal apreciase unha manipulación do contador, entenderase como consumo efectivo o meirande de entre o rexistrado no contador no período correspondente ou o rexistrado no bimestre anterior.

Artigo 6. Cuotas tributarias e garantías tributarias.

As cuotas triburias da taxa son as seguintes:

Actuación de enganche a líneas: 1084,43 euros.

Suministro de auga potable a edificacións e instalacións de uso residencial ou agrícola:

Consumo mínimo (ata 16 m³): 4, 8 euros.

De 16 a 42 m³: 0,35 euros/m³

Máis de 42 m³: 0,59 euros/m³

Suministro de auga potable a edificacións e instalacións de uso comercial ou industrial:

Consumo mínimo (Ata 42 m³): 14,7 euros

Máis de 42 m³: 0,59 euros/m³

Supostos especiais de determinación da cuota tributaria:

A fixación da cuota tributaria pola prestación do servizo ao centro penitenciario de Bonxe se efectuará no correspondente convenio ou contrato asinado co órgano competente.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Fianza: No momento de alta no servizo municipal de auga potable, os aboados deberán constituir perante a tesourería municipal, unha fianza en metálico pola contía de 108,18 euros.

Adecuación da cuota tributaria á calidade do servizo:

Estabrécese unha deducción de 2 euros na cuota triburaria por cada día de interrupción na prestación do servizo, sen o previo aviso ou publicación.

A cuota triburaria resultante da aplicación de esta deducción, non poderá ser inferior ao 50% da cuota íntegra.

A aplicación da presente deducción se efecturá a solicitude do interesado.

Artigo 7. Xestión triburaria.

A xestión triburaria das cuotas derivadas das actuacións de enganche de lineas e colocación de contadores se efectuará mediante liquidación triburaria xirada de oficio pola administración.

A xestión triburaria das cuotas derivadas das actuacións de suministro efectuarase mediante a aprobación de padróns bimestrais.

Estos padróns terán a natureza de liquidacións triburarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito establecido pola lexislación triburaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable podrán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de evacuación de augas residuais e recollida e tratamento de lixo.

En Outeiro de Rei, a 17 de decembro de 2007.

O Alcalde
Asdo.: José Pardo Lombao"

Destaca o sr. Alcalde que na presente proposta non se varía o cuota de enganche, senón unicamente a cuota de consumo. A cuota de consumo se incrementa entre un 4 e un 5%, moi por debaixo da inflación dende a última revisión de tarifas, que foi do 10%, e iso a pesares de que os custes de prestación do servizo incrementáronse de conformidade co IPC.

É dicir, coa modificación proposta, se evita á repercusión aos veciños do IPC dos últimos catro anos, que é moi elevado, ao tempo que se garantiza a viabilidade económica do servizo.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No tocante á taxa de enganche, como se partía dunha cuota elevada, (que non cara), non se incrementa, se ben os custes de enganche subiron, lóxicamente, co IPC.

O voceiro do PSdG califica de exaxerada a cuota de enganche, sobre todo se se compara cos concellos da zona. Tódolos concellos limítrofes teñen cuotas de enganche moi inferiores. Por exemplo, en Begonte o consumo mínimo era de 10,25, mentres que en Outeiro 13.9. En Portomarín 5,23 ...etc.

O sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifesta que a cuota de consumo é algo alta, pero que a de enganche é altísima, e que supera con creces as dos restantes concellos.

O sr. Pardo Lombao recorda que as taxas están para repercutir os custes dos servizos, e que dende a UE ata a propia Xunta de Galicia recoñecen que non se cubren os custes dos servizos de abastecemento de auga e que deberíase facer.

Sinala que o estudo económico financeiro demostra que a recadación previsible é inferior aos custes estimados do servizo.

En Lugo, o consumo mínimo é de euros, cando por razóns de economía de escala, debería ser máis barata. Con isto non está criticando ao goberno de Lugo, senón que o pon de exemplo porque está gobernado por outro partido político.

En Outeiro de Rei préstase o servizo na totalidade dos núcleos rurais, o que non sucede nos concellos aos que aludiron os concelleiros da oposición. E asegura que ao equipo de goberno lle gustaría prestar o servizo gratuitamente, pero que a necesaria financiación do mantemento do servizo non o permite.

No tocante ao custe do entronque, asegura que non é caro, xa que os custes de enganche son elevados por mor da dispersión poboacional. E non debe ser moi caro, xa que o Concello de Outeiro de Rei é o único que medra da comarca, e é colindante con Lugo dende fai dous mil anos.

Respóstalle o sr. Arcadio que levar o servizo de auga a tódolos veciños é unha función do equipo de goberno, xa que é un servizo obrigatorio, e considera que non se ten que repercutir tódolos custes aos veciños.

O sr. Miguel Ángel López Varela engade que non é tan alta a dispersión poboacional do Concello de Outeiro de Rei, xa que ten unicamente 27 parroquias, fronte as 37 de Palas de Rei, por poñer un exemplo. De feito, o concello de Lugo ten unha maior dispersión poboacional (pon como exemplo o barrio de Tomiño).

Respóstalle o sr. Pardo que o feito de que Outeiro de Rei ten unha poboación máis dispersa que Lugo é unha cuestión de primaria. É indiscutible.

Insiste o voceiro do PSdG que a cuota é moi cara.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que con Lugo non se pode comparar, e sí con Begonte, Guitiriz....

Engade que, tal e como apuntou o voceiro do BNG, prestar o servizo de abastecemento de auga é un deber, e o Concello de Outeiro de Rei cumpre con este deber en tódolos núcleos, aínda que estes concellos non o fan. E ademáis o fai a un custe moi razoable.

Díse que repercute a totalidade do custe aos veciños, pero recorda que, por poñer un exemplo, aínda fai pouco o concello tivo que poñer 300.000 euros de fondos propios para a ampliación da rede xeral en boa parte do termo municipal.

Recorda aos membros da oposición que todos os servizos son financiados polos veciños; uns directamente (coas taxas), e outros indirectamente (a través dos impostos). Os 300.000 euros que aportou o Concello de Outeiro de Rei para a ampliación da rede xeral saíron do peto dos veciños, e os outros 600.000 que aportou a Xunta tamén. Xa que non o puxo o Conselleiro do seu peto.

Informa que, dende que se fixou o cuota de enganche, o IPC medrou nun 30% aproximadamente, mentres que a cuota se mantivo invariable. Polo que se pode decir que, en termos de capacidade adquisitiva, baixou un 30%.

No referente a suba da taxa de suministro, tamén é inferior ao IPC.

Antes falaba da dispersión poboacional, xa que implica un maior custe de prestación do servizo. Por iso dende o partido do equipo de goberno se propón que a dispersión poboacional se teña en conta no cálculo das transferencias de outras administracións públicas.

Nestes anos nos que gobernou o Partido Popular no Concello de Outeiro de Rei, establecéronse a totalidade dos servizos básicos: auga, luz, alumeado público e recollida de lixo. Establecéronse para tódolos veciños e por igual.

Concluído o debate, sométese a votación a aprobación provisional da proposta de ordenanza fiscal transcrita no presente apartado da orde do día.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos Grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

7- PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE OS BENS INMOBLES.

Ponse de manifesto a seguinte proposta de resolución:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

“PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE OS BENS INMOBLES

De conformidade có establecido nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre os Bens Inmobles, que quedará redactada nos seguintes termos:

Artigo 1: Feito imponible e supostos de non suxeizón e exención.

O feito imponible do imposto, así coma os supostos de non suxeizón e exención, serán os regulados nos artigos 61 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Asemade, quedarán exentos de tributación no Imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmobles rústicos e urbáns cuxa cuota líquida agrupada de tódalas cuotas relativas a un mesmo suxeto pasivo referentes a bens rústicos e urbáns sitios neste municipio sexa inferior a 6 euros.

Artigo 2: Tipo de gravamen.

Os tipos de gravamen serán os seguintes:

Para bens inmobles urbáns o 0,4 por 100.

Para bens inmobles rústicos o 0,61 por 100.

Para bens inmobles de características especiais o 0,6 por 100.

Artigo 3: Bonificacións postestativas.

As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.
- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

Artigo 4: Xestión tributaria.

A xestión tributaria do imposto se atinxirá ao disposto, con carácter xeral, na Lei Xeral Tributaria.

A xestión do imposto poderá ser delegada polo Concello de Outeiro de Rei na Deputación Provincial de Lugo. Neste suposto, a xestión tributaria se rexirá polo disposto nas ordenanzas fiscais da Deputación Provincial.”

O sr. Alcalde asegura que os tipos impositivos se manteñen inalterados, e que a única variación do imposto consiste no establecemento de determinadas bonificacións.ç

Estas bonificacións foron propostas polo Partido Popular na campaña electoral no seo do seu programa, e con esta proposta se pretende cumprir.

Alega o sr. Arcadio que debería incluírse unha bonificación do 50% na cuota do imposto para as vivendas sociais e durante os tres primeiros anos.

Pregúntase porqué tributan máis os bens inmobles rústicos que os bens urbáns.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que cada tipo de ben ten un umbral diferente na lexislación de facendas locais. En ámbolos casos, o Concello de Outeiro de Rei achégase moito ao umbral mínimo.

Intervén o sr. Miguel Ángel Varela, que expón que o mínimo en bens de natureza rústica é do 0,3%. O tipo en Outeiro de Rei é esaxeradamente alto. Propón que o tipo impositivo para os bens inmobles de natureza rústica se fixe no 0,3%.

Asegura o sr. Pardo Lombao que a contribución rústica non é cara, xa que hai que ter en conta que os valores catastrais dos inmobles son moi inferiores do seu valor real de mercado. Por outra banda, a recadación actual é necesaria para financiar os servizos municipais.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por outra banda, haberá que ver qué fan os concellos onde goberna o PSdG en relación a este imposto.

En relación as vivendas sociais, convén distinguir entre as vivendas de protección autonómica, as que accede xente cunha capacidade adquisitiva non tan baixa, e as de promoción oficial, que sí que están adicadas a xente de rendas baixas. Non obstante, as condicións económicas nas que se accede á vivenda son moito máis ventaxosas.

Deberían facer moitas máis vivendas de promoción pública, e non baixar os impostos as vivendas xa construídas, senón, o resultado é que moi poucos se benefician moitísimo e moitos non se benefician nada.

Nestes intres, no Concello de Outeiro de Rei non existe ningunha nova promoción de vivendas de promoción pública. De haber algunha promoción estudaríase incluír dita bonificación.

Concluído o debate, sométese a votación a aprobación provisional da proposta de ordenanza fiscal transcrita no presente apartado da orde do día.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos Grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

8- ALTA DE ENTIDADE SINGULAR DE POBOACIÓN: URBANIZACIÓN SANTA ISABEL, EN OUTEIRO DE REI.

Explica o sr. Alcalde a proposta informando que se trata de dar oficialmente un nome a urbanización e de dar de alta dito nome no rexistro do Instituto Nacional de Estatística.

Pregunta o sr. Arcadio para qué se tramita dita alta.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que é para que figure no censo electoral e no padrón municipal de habitantes como entidade de poboación.

Sométese a votación a aprobación da alta da entidade singular de poboación “urbanización de Santa Isabel”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

9- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO BNG.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Dase conta do escrito presentado polos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, concelleiro e concelleira do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte

ESCRITO REFERENTE AO ANTIGO CÁRCERE DO PARTIDO XUDICIAL DE LUGO

O inmóbel do antigo cárcere do Partido Xudicial de Lugo é propiedade de 8 Concellos, entre eles o de Outeiro de Rei. Recentemente o Alcalde de Lugo, como representante do Concello no que se ubica físicamente o citado edificio, que conta, ademais, coa maior porcentaxe da propiedade, manifestou o seu interese por adquirirlle a súa parte aos Concellos restantes, chegando incluso á expropiación forzosa se fose preciso.

Para tratar este asunto o Alcalde de Lugo mantivo días atrás unha xuntanza cos Alcaldes dos outros Concellos co-propietarios, sen que transcendera públicamente o contido real do tratado nesta reunión.

Por todo isto, o BNG demanda do Alcalde de Outeiro de Rei as seguintes medidas:

1º) Que informe no próximo Pleno da Corporación do contido da xuntanza mantida cos Alcaldes co-propietarios do antigo cárcere do Partido Xudicial de Lugo e da proposta que lles presentou o Alcalde de Lugo para facerse coa propiedade total deste inmóbel.

2º) Que demande da Secretaría da Corporación un informe por escrito sobre os dereitos que lle corresponden ao Concello de Outeiro de Rei como cotitular do cárcere; dos requisitos legais que debe cumprir o Concello de Outeiro de Rei para poder enaxenar este ben municipal así como da capacidade real do Concello de Lugo para proceder a unha expropiación no caso de que o Concello decida non vender dita propiedade.

3º) Que encargue un informe técnico do valor actual desta propiedade para determinar o que lle correspondería ao Concello de Outeiro de Rei, antes de adoptar unha postura definitiva sobre este asunto.

Outeiro de Rei, 10 de decembro de 2.007.= Asdo.: Arcadio Lombao Román = Concelleiro-Portavoz do BNG . = Dulce Neira Fraga = Concelleira do BNG.”

A continuación, o sr. Alcalde explica que o Concello de Lugo ofertou aos concellos unha contía ridícula como valoración das súas porcentaxes de propiedade. E recorda que o concello de Lugo unicamente dispón do 30% da propiedade.

Algúns concellos non están interesados en vender, entre eles o Concello de Outeiro de Rei, polo tanto, non é preciso solicitar o informe ao Secretario da Corporación nin o informe técnico ao que alude o voceiro do BNG.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Non obstante, no suposto de que Lugo siga adiante coas súas pretensións, farase a valoración e se defenderán debidamente os intereses do Concello de Outeiro de Rei.

A antiga carcel é unha propiedade copartida entre varios concellos, e deberíase negociar con eles o que se pretende facer con ela. O que non se pode olvidar e que o Concello de Outeiro de Rei aportou unha cantidade importante no seu momento, que supuxo un gran esforzo para o concello por aquel entón. E por iso non se vai ceder alegremente.

Pregunta o sr. Arcadio se o concello de Lugo fixo algunha proposta concreta de adquisición.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que, fai algúns anos, ofertou uns dezaseis millóns de pesetas, cantidade que é ridícula en atención a ubicación e superficie da parcela.

10- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS.

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación da lectura en viva voz oa escrito de preguntas presentado por don Arcadio Lombao Román, en representación do Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 27 de decembro de 2007 e número de asento 3.533, que a continuación se transcribe:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN E DULCE NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta para a súa contestación.

EXPOSICIÓN

En relación coa sentenza ditada polo Xuzgado nº 1 de Lugo con data 01 de outubro de 2007 que afecta directamente ao proxecto de reparcelación RA-49, aprobado con data 25 de xullo de 2.004 por este Concello.

Por todo isto presentamos a seguinte:

PREGUNTA:

1.- Ten previsto o Concello de Outeiro de Rei iniciar algunha acción a partir do fallo expresado na citada sentenza?

Outeiro de Rei, 26 de decembro de 2.007.

Asdo: Arcadio Lombao Román Portavoz do GM do BNG

Asdo.: Dulce Neira Fraga Concelleira do GM do BNG.”



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Respóstalle o sr. Alcalde que os servizos administrativos advertiron, no seu día, unha dobre inmatriculación rexistral, que é unha situación atípica que debe resolverse en sede xudicial. A día de hoxe non recaeu un pronuciamiento xudicial en relación a esta dobre inmatriculación, polo que o Concello de Outeiro de Rei non pode facer nada ao respecto, xa que ten que actuar en base ao rexistro da propiedade.

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación da lectura en viva voz oa escrito de preguntas presentado por don Miguel Ángel López Varela, en representación do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 28 de decembro de 2007 e número de asento 3.537, que a continuación se transcribe:

“O Concellal., abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito ó Pleno do Concello e Outeiro de Rei, como PREGUNTAS ó Equipo de Goberno, con relación ó punto 10º da Orde do Día do Pleno da data:

1ª.- ¿Está o Sr. Alcalde o corrente do que esta a pasar coa limpeza do Colexio Público Laverde Ruiz?. ¿Sabe vostede que hai profesoras que lles limpan as mesas aos pequenos? ¿Sabe tamén que se deixan escritos para que se limpen algunhas aulas? ¿Qué medidas pretende tomar para solventar o problema?.

2ª.- ¿Ten constancia o Sr. Alcalde dos problemas existentes coa rede de saneamento, na parroquia de Guillar, os cales ocasionan vertidos no río que separa as parcelas 57 e 64 ubicadas no polígono 79?. ¿ Qué se pretende facer para subsanar os vertidos existentes?.

En Outeiro de Rei a 27 de decembro de 2.007.

Asdo.: Miguel Angel López Varela.”

Resposta o sr. Alcalde nos seguintes termos:

O Concello de Outeiro de Rei non ten coñecemento destas queixas, pese a que ten representación no Consello escolar e na APA. Únicamente ten coñecemento que nalgúnha ocasión alguén deixou algunha nota anónima con motivo da existencia dunha tea de araña.

Engade que, se xurde algún problema neste eido, o centro escolar debe dirixirse ao concello, o que non sucedeu ata o momento.

Por outra banda, o Alcalde dí que acude ao centro escolar con certa frecuencia e que non advertíu nada.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Informa que se está a negociar, no seo do Pacto Local, a supresión desta obriga polos concellos, xa que non é lóxico que os concellos teñan que sufragar a limpeza de servizos da Xunta de Galicia.

No referente aos verquidos, o Concello de Outeiro de Rei ten nesa urbanización un colector de saneamento, pero o Ministerio de Obras Públicas, cando fixo a N-VI, fixo outros dous colectores, que é de onde pode vir os verquidos, xa que do colector municipal non é. Tamén pode ser que alguén verta sen conectarse ao colector municipal. En calquer caso, insiste que non coñece ese verquido.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as trece horas, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”